

**PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO (PEC).
DOCUMENTO 1**

ESTUDO DO CONTEXTO

IES Camilo José Cela

**Data de aprobación en Consello Escolar: 28/06/2023
Data de aprobación en Claustro: 28/06/2023**

ÍNDICE XERAL

1. INTRODUCCIÓN páx. 2
1.1. MARCO LEGAL páx. 2
2. DATOS DO CENTRO páx. 4
2.1. CENTROS ADSCRITOS páx. 7
3. CARACTERÍSTICAS DO CONTORNO páx. 8
3.1. CONTORNO XEOGRÁFICO páx. 8
3.2. CONTORNO ECONÓMICO páx. 9
3.3. CONTORNO SOCIOCULTURAL páx. 9
3.3.1. Contorno sociolingüístico páx. 10
4. TIPOS DE FAMILIAS páx. 11
5. ALUMNADO páx. 12
6. SINAIS DE IDENTIDADE páx. 13
6.1. CARÁCTER SINGULAR páx. 13
6.1. ESPECIALIZACIÓN CURRICULAR páx. 14
6.2. OFERTA ESPECÍFICA páx. 15
7. RELACIÓN COAS INSTITUCIÓN páx. 19
8. VALORES E PRINCIPIOSPRIORITARIOS páx. 21
8.1. PRINCIPIOS páx. 22
8.2. VALORES páx. 23
9. OBXECTIVOS PRIORITARIOS páx. 24
10. MEDIDAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN páx. 25

1. INTRODUCCIÓN

O *Proxecto Educativo de Centro* (PEC) vén descrito no artigo 121 da *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación* segundo a redacción dada pola *Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación*. Está conformado por un conxunto de documentos que establecen os sinais de identidade e engloba os distintos proxectos institucionais que se desenvolven nos centros docentes.

O *Proxecto Educativo de Centro* (PEC) está composto por tres documentos mais un cuarto referente ao proxecto de xestión do centro, non obrigatorio na nosa comunidade e que organiza a xestión dos recursos, o que se realiza na práctica cada ano en base á xustificación do gasto e aos orzamentos anuais.

O presente **Documento 1** consiste no *Estudo do contexto*. Nel recollemos a descrición do centro, os seus valores e sinais de identidade, así como as características do contorno en que se inscribe e as do ensino que proporciona.

Para conformar o PEC, adxuntárase o **Documento 2** que integra a *Concreción Curricular* e no que se inclúen asemade os Plans e Proxectos que se desenvolven a longo prazo nos centros educativos: *Proxecto lingüístico, Plan Xeral de Atención á Diversidade, Plan de Acción Titorial, Plan de Lectura, Plan de Biblioteca, Plan de Actividades Físicas e Vida Saudable e Proxecto de Educación Dixital (Plan Dixital)*.

O **Documento 3** regula os aspectos da convivencia no centro e concrétese no *Plan de convivencia, as Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia (NOFC)* e o *Plan de Igualdade*.

O **Documento 4** concretaríase no *Proxecto de Xestión dos Recursos Humanos e Materiais* e desenvolve o deseño para a xestión dos recursos en base á autonomía da que gozan os centros.

1.1. Normativa. Marco legal básico.

- *Declaración Universal dos Dereitos Humanos. 10 de decembro de 1948.*
https://www.ohchr.org/EN/UDHR/Documents/UDHR_Translations/gln.pdf
- *Constitución Española. 1978.*
- *Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia.*

- *Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.*
- *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. Texto consolidado 29 de xullo de 2015.*
- *Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.*
- *Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.*
- *Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.*
- *Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.*
- *Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.*
- *Lei 27/2005, do 30 de novembro, de fomento da educación e a cultura da paz.*
- *Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*
- *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.*
- *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.*
- *Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos Institutos de Educación Secundaria.*
- *Orde do 1 de agosto de 1997, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos Institutos de Educación Secundaria e se establece a súa organización e funcionamento.*
- *Orde do 28 de xuño de 2010, pola que se modifican parcialmente as Ordes do 1 de agosto de 1997, do 22 de xullo de 1997 e do 3 de xullo de 2000.*
- *Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.*
- *Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.*

- *Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.*

- *Decreto 157/2022 do 15 de setembro polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.*

- *Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.*

- *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.*

- *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

- *Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

- *Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional da Comunidade Autónoma de Galicia.*

- *Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da Orientación Educativa e Profesional da Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.*

2. DATOS DO CENTRO

O IES Camilo José Cela é un centro público de Ensino Secundario Obrigatorio e de Bacharelato situado na localidade de Padrón, na Rúa do Carme nº 43. Teléfono 881866240. Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iescamilojosecela>. Enderezo de correo electrónico: ies.camilo.jose.cela@edu.xunta.gal.

O IES Camilo José Cela foi fundado en 1974, logo de comezar no ano 1967 como Colexio Libre Adoptado e converterse, desde 1969 a 1973, en sección do IES Xelmírez de Santiago de Compostela. Nun primeiro lugar tivo a súa sede provisional nun solar próximo ao emprazamento actual, en que se ergue o edificio definitivo no ano 1982. Tempo despois, no ano 1991, constrúese unha ampliación na parte sur do edificio,

co que queda conformado practicamente como está na actualidade. No ano 2019 realizase unha modificación do vestíbulo de entrada, aumentando a súa dimensión e incorporando dúas novas aulas.


De acordo cos datos que se achegan no *Plan de Autoprotección* do centro, o IES Camilo José Cela ocupa un edificio de tres plantas (Baixo máis dous andares) formado por tres bloques comunicados entre si e un cuarto volume dunha soa altura e independente (aínda que acaroado ao bloque sur), que forma o lateral leste do conxunto e configura, xunto cos outros bloques, un patio interior.

O recinto escolar atópase nunha parcela, rodeada por un peche de formigón prefabricado, na que se encontra tamén o edificio do polideportivo municipal do Concello de Padrón, ao que se pode acceder directamente desde o recinto escolar por unha entrada lateral. Cóntase cun espazo para aparcamento na parte oeste e dúas pistas deportivas na parte leste, ademais de amplas zonas verdes con árbores en distintos lugares.



O IES Camilo José Cela atópase situado no centro da vila de Padrón, entre a Rúa do Carme e a Rúa Sar, na beira dereita do río Sar. O acceso principal ao recinto sitúase na parte oeste, pola Rúa do Carme. Tamén hai un acceso peonil pola parte leste, a través da Rúa Sar, directamente á zona das pistas deportivas.

A parcela en que se atopa o centro linda ao oeste coa citada Rúa do Carme e co CEIP Flavia, centro de Educación Infantil e Primaria adscrito ao noso IES. Polo norte linda con outra parcela e un canellón que une as rúas do Carme e de Sar, mentres que ao sur linda co terreo onde se sitúa o IES Macías o Namorado.



O centro conta coas seguintes **instalacións**:

- 21 Aulas ordinarias.
- 11 Departamentos.
- Laboratorio de Física
- Laboratorio de Química.
- Laboratorio de Ciencias da Natureza.
- Aula de Informática.
- Aula de Plástica.
- Aula de Música.
- Aula de Audiovisuais.
- Aula de Tecnoloxía.
- Aula de Convivencia.
- Aula de Mediación.

- Aula PT.
- Sala de atención a familias.
- Biblioteca.
- Salón de Actos.
- Ximnasio.
- Despacho do Departamento de Orientación.
- Despacho de Dirección.
- Despacho de Xefatura de Estudos e Vicedirección.
- Despacho de Secretaría.
- Dependencias de Administración.
- Sala do Profesorado.
- Cafetaría.
- Baños nas tres plantas e no Ximnasio.
- Ascensor.
- Aparcadoiro.

2.1. Centros adscritos

O IES Camilo José Cela ten adscrito un centro de Educación Infantil e Primaria, o veciño **CEIP Flavia**. Este centro forma a inmensa maioría do alumnado que posteriormente vai integrar os cursos de ESO no noso centro. Cada curso escolar incorpórase unha cifra de alumnos e alumnas que oscila nos últimos anos entre 35 e 50 escolares cada curso. A comunicación entre os dous centros é fluída


O **CPI Eusebio Lorenzo Baleirón**, situado no veciño concello de Dodro, é un centro de Educación Infantil, Primaria e Secundaria adscrito tamén ao IES Camilo José Cela. Parte do alumnado que remata os seus estudos secundarios neste centro incorpórase posteriormente ao noso para cursar as modalidades de Bacharelato que se ofertan.

3. CARACTERÍSTICAS DO CONTORNO

3.1. Contorno xeográfico

O IES Camilo José Cela está situado no centro urbano da vila de Padrón, que conta, segundo datos do IGE de 2022, con 8349 habitantes e que é a cabeza dunha bisbarra de 15469 residentes no concello e nos límites de Rois e Dodro. Estamos nunha zona predominantemente rural, pero que conta cos servizos e dotacións propios das zonas lindeiras coas áreas urbanas de referencia, Santiago e Pontevedra.

Padrón é unha vila situada no corredor Tui-Santiago, no centro do Eixo Atlántico, polo que discorren as principais vías de comunicación de Galicia: estradas, autoestrada A9, autovía do Barbanza, vías férreas, vías do AVE. Estas comunicacións, a centralidade xeográfica e a proximidade a importantes áreas urbanas fai que a comarca do Sar sexa un núcleo dinámico e cunha gran mobilidade da poboación. Ademais, a vila goza de centralidade institucional, ao ser Concello e cabeza de Partido Xudicial, e constitúese como capital da Comarca do Sar no Plano de Desenvolvemento Comarcal de Galicia.



3.2. Contorno económico

Padrón caracterízase pola variedade do seu sector produtivo. A pesar de ser o centro económico dunha bisbarra tradicionalmente rural, hoxe en día a actividade industrial e os servizos impoñense sobre un sector agrícola en declive.

O peso da industria na zona é moi superior á importancia do sector a nivel galego. En Padrón e comarca fabricase o 50% do aluminio elaborado en España, coa padronesa Aluminios Cortizo á fronte e outras fortes multinacionais en concellos próximos. Noutros sectores industriais, conta Padrón con importantes empresas, como a multinacional madeireira FINSA, PICUSA ou STAC.

No sector servizos, vai gañando peso o turismo ligado ao Camiño Portugués a Santiago, que dinamiza a vila, especialmente no sector hostaleiro. Na actividade comercial, a crise do comercio tradicional vese compensada pola actividade do importante mercado de abastos e o tradicional mercado dos domingos, o máis grande de Galicia a ceo aberto.

En canto á agricultura, mantense grazas á puxanza do produto estrela da zona: o pemento de Herbón, mundialmente coñecido e que conta con denominación de orixe protexida.

3.3. Contorno sociocultural

O IES Camilo José Cela encádrase nun contorno moi valioso socioculturalmente, xa que estamos nunha bisbarra de grande riqueza histórica e cultural. Á Rota Rosaliana e á tradición xacobeá súmase a presenza da Fundación Camilo José Cela e a riqueza natural da zona fluvial Ulla – Sar.

Padrón é unha vila cunha destacada historia da que dá fe o seu casco histórico e importantes construcións como a Ponte e o Convento do Carme, a Colexiata de Iria ou o Pazo do Bispo de Quito. A relación co mito xacobeo, xa manifestada en lendas e textos medievais, revitalizouse recentemente co dinamismo do Camiño Portugués a Santiago.

O peso da tradición literaria, ao ser a vila berce da principal escritora galega e importante autora da literatura universal, Rosalía de Castro, maniféstase na vitalidade cultural que se concentra arredor da Fundación Rosalía de Castro. Ademais, a figura do único premio Nobel de literatura de orixe galega, Camilo José Cela, completa un

contorno cultural moi potente e que se mantén dinámico nas variadas actividades e na propia idiosincrasia padronesa.

A poboación da comarca asume como propia esta herdanza sociocultural e é activa no interese pola cultura e na participación nas actividades culturais. En moitas destas participa o propio centro, en colaboración coas institucións citadas e co concello de Padrón.

A poboación padronesa é moi homoxénea socioculturalmente. Como xa se indicou, a poboación aséntase maioritariamente no ámbito rural, aínda que o sector industrial e de servizos é o que xera a maior parte do emprego aos membros da comunidade. A presenza da economía rural como apoio aos fogares é unha característica moi destacada do tecido social da nosa zona.


A poboación de Padrón está composta na súa gran maioría por persoas orixinarias da bisbarra, zonas próximas ou pertencentes á comunidade autónoma. Existe unha pequena parte proveniente doutras comunidades do estado español e unha porcentaxe moi pequena de poboación inmigrante ou procedente do estranxeiro. Nos últimos anos destaca a presenza de pequenos colectivos procedentes de Venezuela ou de Romanía. Tamén se constata algunha presenza de poboación de etnia xitana, ligada a actividades de comercio tradicional e, nos últimos anos, unha pequena parte de poboación chinesa, que desenvolve actividades comerciais e de servizos.

3.3.1. Contorno sociolingüístico

A lingua galega segue a ser a predominante no concello de Padrón e na bisbarra, segundo confirman os datos recadados na última actualización do *Proxecto Lingüístico* (período 2020-2024).

Cal é a lingua maioritaria de relación cos membros da familia no teu fogar?

63 respostas



Os comportamentos lingüísticos do alumnado responden, en xeral, ao patrón de uso que constatan as enquisas, aínda que se observa un desvío moi importante: o emprego do castelán aumenta de xeito moi relevante nos cursos de ESO, chegando a converterse en lingua de uso maioritario entre o alumnado desta etapa (o 42,2% do alumnado indica que se expresa maioritariamente en castelán, fronte ao 30,5% que manifesta facelo en galego). Pola contra, esta tendencia invértese radicalmente entre o alumnado da etapa de Bacharelato: o 49,1% manifesta usar o galego como lingua de expresión maioritaria, fronte ao 33,3% que empregaría o castelán.

A presenza doutras linguas é bastante residual entre a poboación do concello, dada a escasa presenza de poboación inmigrante doutros países non hispanofalantes. Mesmo entre o alumnado de procedencia romanese é infrecuente o uso do romanés nos mozos e mozas que xa naceron na comarca do Sar ou se trasladaron de moi pequenos e pequenas. A poboación doutras orixes, como pode ser a chinesa, si que mantén a súa lingua de orixe, se ben a porcentaxe de persoas desta nacionalidade é moi baixa.

4. TIPOS DE FAMILIAS

A estrutura familiar da nosa sociedade está en continua evolución e a diversidade é cada vez máis ampla. No caso das familias do contorno do IES Camilo José Cela, a maioría responden aínda aos patróns que se poden considerar máis tradicionais.

A gran maioría mantén unha estrutura de familia nuclear: o 78% das familias conviven os dous proxenitores cos fillos e fillas, mentres que o 19% son fogares en que os proxenitores están separados ou conviven con outra parella. O 3% restante son familias monoparentais, na maioría dos casos por falecemento dun dos cónxuxes, aínda que xa comezan a apreciarse novos xeitos de organización voluntaria de fogares deste tipo.

Tendo en conta o contexto aludido, predominan as familias do medio rural ou rural-urbano, próximo ás zonas de influencia de dúas importantes áreas urbanas. A presenza da economía rural como apoio aos fogares é unha característica moi destacada do tecido social da nosa zona.

Como aspectos relevantes, podemos mencionar que o noso alumnado posúe un contorno familiar e social relativamente sólido en termos xerais, con familias

predominantemente tradicionais nas que están presentes, en moitos casos, os maiores como parte integrante do núcleo familiar e con peso nos afectos, nos coidados e nas relacións dos/as menores.

5. ALUMNADO

Nos últimos anos, o número de alumnado oscila entre 230 e 270 mozos e mozas de entre 12 e 18 anos. No curso 2022-2023, hai un número total de 246 matriculados/as: 118 homes (48%) e 128 mulleres (52%).

O alumnado do IES Camilo José Cela procede, nos cursos da ESO, na súa maioría do CEIP Flavia –centro adscrito–, aínda que esporadicamente tamén se matriculan alumnos e alumnas procedentes do outro colexio do casco urbano, o CEIP Rosalía de Castro. Nos cursos de Bacharelato –aínda que tamén en cursos de ESO– é onde máis se manifesta a presenza de mozos e mozas que proveñen dos concellos veciños, pois acoden a completar os seus estudos desde os CPI próximos de Dodro, Rois ou Pontecesures.

O alumnado que cursa os seus estudos no IES Camilo José Cela é bastante homoxéneo socioculturalmente. É de procedencia maioritariamente rural e dun nivel sociocultural medio. A inmensa maioría procede do concello ou concellos da bisbarra e, nos últimos anos, hai un pequeno número de alumnos e alumnas que proceden doutros países; a pesar de que a presenza de alumnado que proveña doutros países é moi escasa, nos últimos anos aumentou a porcentaxe e a variedade de territorios que achegan estudantes ao noso centro: nos últimos anos mozas e mozos con orixe en Brasil, Colombia, Portugal, Ecuador, Venezuela, Guinea, China e Romanía conforman unha porcentaxe de arredor do 4% do noso alumnado.

A pesar da homoxeneidade xeral, a **diversidade do alumnado** foi en aumento nos últimos anos. Neste aspecto, a incorporación ao centro de alumnado con raíces noutras comunidades ou doutros sistemas educativos pode dar lugar a situacións de certo desfase curricular. Por outra banda, e como se recolle no *Plan Xeral de Atención á Diversidade* do centro, a diversidade é unha realidade social á que o sistema educativo, e cada centro en concreto, deben dar resposta desde o espírito da propia articulación normativa do ensino público na sociedade actual.

A **atención á diversidade** no IES Camilo José Cela vai encamiñada a compensar as desigualdades que existan entre o alumnado e a facilitar o seu pleno

desenvolvemento persoal e social, ademais do seu potencial de aprendizaxe. Para isto rexerese polos seguintes principios:

- Normalización e inclusión.
- Equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación.
- Flexibilidade e accesibilidade.
- Interculturalidade e promoción da convivencia.
- Promoción da autonomía do centro e da participación da comunidade educativa.
- Consideración da diversidade como un elemento enriquecedor e nunca como unha debilidade.

6. SINAIS DE IDENTIDADE

6.1. Carácter singular

O IES Camilo José Cela é un centro moi marcado pola súa orixe como único centro de ensino secundario da comarca da bisbarra durante décadas. Deste xeito, constitúe unha referencia como o “Instituto de Bacharelato de Padrón”, xa que así foi chamado oficialmente ata o ano 1975, en que adoptou o seu actual nome. Este feito xa determina a súa singularidade como o centro de ensino secundario obrigatorio e posobrigatorio que é hoxe en día, posto que o devir posterior confirmouno como un centro onde se imparten exclusivamente estes estudos.

A actividade académica, centrada nos estudos de secundaria e bacharelato, tamén incorporou algúns cursos programas de iniciación profesional e, mesmo, módulos de ensino de persoas adultas. Durante un breve período de tempo acolleu ensinanzas de idiomas (inglés) fóra do horario lectivo, ademais de actividades de apoio educativo e cursos de lingua galega para persoas adultas.

Nas últimas décadas, o centro desenvolveu diferentes iniciativas educativas, ao abeiro de programas da Consellería de Educación como os PFPP, o Plan Proxecta e os Contratos programa. Estas marcaron incidiron en aspectos que hoxe son sinais de identidade do centro, en especial os seguintes:

- Existencia dun Servizo de Mediación entre Iguais
- Desenvolvemento da cultura da igualdade, coa posta en marcha da Comisión de Coeducación.

- Preocupación pola cultura da recuperación co mantemento dunha Titoría de Alumnado Pendente.
- Desenvolvemento do coidado da persoa e do contorno. Implicación en iniciativas de nutrición (Proxecto Nutricela) e do medio e o patrimonio (participación no Proxecto Terra).

6.2. Especialización curricular

O centro conta cos seguintes Departamentos Didácticos, que determinan a especialización da oferta educativa e a singularidade das iniciativas desenvoltas:

DEPARTAMENTO	PROFESORADO ASIGNADO
Departamento de Artes Plásticas	1
Departamento de Bioloxía e Xeoloxía	1
Departamento de Economía	1
Departamento de Educación Física	1
Departamento de Filosofía	1
Departamento de Física e Química	2
Departamento de Francés	1
Departamento de Inglés	3
Departamento de Latín	1
Departamento de Lingua e Literatura Castelá	3
Departamento de Lingua e Literatura Galega	3
Departamento de Matemáticas	3
Departamento de Música	1
Departamento de Orientación	2
Departamento de Relixión	1
Departamento de Tecnoloxía	1
Departamento de Xeografía e Historia	3

Entre os proxectos máis relacionados nos últimos anos co desenvolvemento interdisciplinar de certos eidos curriculares (participando en moitos casos de convocatorias da consellaría) destacan:

- Desenvolvemento de xeito continuado do Proxecto Terra desde hai máis de dez anos, no marco da convocatoria do Plan Proxecta.
- Dinamización da Biblioteca Escolar, ao abeiro do PLAMBE entre 2007 e 2011 e de 2018 ata a actualidade.
- Proxectos de Convivencia e Mediación, desenvoltos a través do Plan de Formación do Profesorado e dos Contratos Programa.
- Desenvolvemento de proxectos de educación emocional ao abeiro dos CpInclúe (Iguálate – Inclúete – Emociónate)
- Desenvolvemento de proxectos de dixitalización e formación en tecnoloxías como o Proxecto Abalar ou a formación do profesorado.
- Posta en marcha no curso 2022-2023 do Club de Debuxo e Pintura.
- Desenvolvemento do Club de Letras nos cursos 2019-2020 e 2020-2021.
- Creación do Club de Ciencia no curso 2022-2023

6.3. Oferta específica

Como xa se indicou, o IES Camilo José Cela oferta estudos de ESO e Bacharelato. Dentro dos estudos posobrigatorios de Bacharelato, oferta as modalidades de Ciencias e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias Sociais e Xeral.

6.3.1. 1º ESO

No primeiro curso da ESO ofértanse as seguintes materias:

MATERIAS		
<ul style="list-style-type: none"> • Bioloxía e Xeoloxía • Lingua Castelá e Literatura • Lingua Galega e Literatura • Matemáticas • Lingua Estranxeira: Inglés • Xeografía e Historia 	<ul style="list-style-type: none"> • Educación Física • Tecnoloxía e Dixitalización • Educación Plástica, Visual e Audiovisual • Segunda Lingua Estranxeira (Francés) • Reforzo /Afondamento de Inglés • Reforzo /Afondamento de L. Galega (Expresión escrita) 	LIBRE ESCOLLA (Elixir unha das dúas)
		<input type="checkbox"/> Relixión <input type="checkbox"/> Proxecto Competencial

6.3.2.2° ESO

No segundo curso da ESO ofértanse as seguintes materias:

MATERIAS		
<ul style="list-style-type: none"> • Lingua Castelá e Literatura • Lingua Galega e Literatura • Lingua Estranxeira: Inglés • Matemáticas • Xeografía e Historia • Educación Física 	<ul style="list-style-type: none"> • Física e Química • Segunda Lingua Estranxeira (Francés) • Música • Tecnoloxía e Dixitalización • Reforzo /Afondamento de Música • Reforzo /Afondamento de L. Castelá (Expresión Escrita) 	LIBRE ESCOLLA (Elixir unha das dúas)
		<input type="checkbox"/> Relixión <input type="checkbox"/> Proxecto competencial

6.3.3. 3° ESO

No terceiro curso da ESO ofértanse as seguintes materias:

MATERIAS		
<ul style="list-style-type: none"> • Matemáticas • Física e Química • Bioloxía e Xeoloxía • Lingua Castelá e Literatura • Lingua Galega e Literatura • Xeografía e Historia • Lingua Estranxeira: Inglés 	<ul style="list-style-type: none"> • Educación Física • Educación Plástica, Visual e Audiovisual • Música • Educación en Valores Cívicos e Éticos 	LIBRE ESCOLLA (Elixir unha das dúas)
		<input type="checkbox"/> Relixión <input type="checkbox"/> Proxecto Competencial
		OPTATIVAS (Elixir unha)
		<input type="checkbox"/> Cultura Clásica <input type="checkbox"/> Oratoria <input type="checkbox"/> Cultura Financeira <input type="checkbox"/> Segunda Lingua Estranxeira(Francés) <input type="checkbox"/> Educación Dixital

6.3.4.4° ESO

No cuarto curso da ESO establécense dúas vías que se organizan en tres itinerarios. Ofértanse as seguintes materias:

<input type="checkbox"/> VÍA 1		<input type="checkbox"/> VÍA 2		LIBRE ESCOLLA (Elixir unha das dúas)
MATERIAS COMÚNS				
<ul style="list-style-type: none"> • Lingua Castelá e Literatura • Lingua Galega e Literatura • Matemáticas B • Lingua Estranxeira (Inglés) • Xeografía e Historia • Educación Física 	<ul style="list-style-type: none"> • Lingua Castelá e Literatura • Lingua Galega e Literatura • Matemáticas A <input type="checkbox"/> Matemáticas B <input type="checkbox"/> (Escoller unha) • Lingua Estranxeira(Inglés) • Xeografía e Historia • Educación Física 	<input type="checkbox"/> Relixión <input type="checkbox"/> Proxecto competencial		
MATERIAS DE OPCIÓN				OPTATIVAS (Cursarase unha pero marcaranse todas por orde de preferencia)
<input type="checkbox"/> Itinerario 1	<input type="checkbox"/> Itinerario 2	<input type="checkbox"/> Itinerario 3		<input type="checkbox"/> Filosofía <input type="checkbox"/> Cultura Clásica (se non se cursou en 3º) <input type="checkbox"/> Oratoria (se non se cursou en 3º) <input type="checkbox"/> Segunda L. Estranxeira (Francés) <input type="checkbox"/> Intelixencia artificial para a sociedade <input type="checkbox"/> Unha materia de opción non elixida: _____
<ul style="list-style-type: none"> • Bioloxía e Xeoloxía • Física e Química • Tecnoloxía 	<ul style="list-style-type: none"> • Economía e Emprendemento • Latín • Formación e Orientación Persoal e Profesional 	<ul style="list-style-type: none"> • Dixitalización • Música • Expresión Artística 		

6.3.5.1° BAC

No primeiro curso de Bacharelato ofértanse as seguintes modalidades e materias:

MATERIAS COMÚNS	<ul style="list-style-type: none"> • Filosofía • Lingua Castelá e Literatura I • Lingua Galega e Literatura I 	<ul style="list-style-type: none"> • Educación Física • Lingua estranxeira: Inglés I 	
LIBRE ESCOLLA (Escoller unha)	<input type="checkbox"/> Relixión <input type="checkbox"/> Reforzo/Afondamento de Inglés		
MODALIDADES (Elixir unha)	<input type="checkbox"/> CIENCIAS e TECNOLOXÍA	<input type="checkbox"/> HUMANIDADES e CIENCIAS SOCIAIS	<input type="checkbox"/> XERAL
MATERIAS DE MODALIDADE	<ul style="list-style-type: none"> • Matemáticas I 	<input type="checkbox"/> Matemáticas Aplicadas ás CCSS I <input type="checkbox"/> Latín I (Elixir unha deste recadro)	<ul style="list-style-type: none"> • Matemáticas Xerais

MATERIAS DE OPCIÓN (Elixir dúas)	<input type="checkbox"/> Bioloxía e Xeoloxía <input type="checkbox"/> Física e Química <input type="checkbox"/> Debuxo Técnico I <input type="checkbox"/> Tecnoloxía e Enxeñaría I	<input type="checkbox"/> Economía <input type="checkbox"/> Grego I <input type="checkbox"/> Historia do Mundo Contemporáneo <input type="checkbox"/> Literatura Universal <input type="checkbox"/> Matemáticas Aplicadas ás CCSS I <input type="checkbox"/> Latín I	<input type="checkbox"/> Economía, Emprendemento e Actividade Empresarial <input type="checkbox"/> Materia de opción doutra modalidade _____ <input type="checkbox"/> Materia de opción doutra modalidade _____
OPTATIVAS AUTONÓMICAS (Elixir unha)	<input type="checkbox"/> Anatomía Aplicada <input type="checkbox"/> Segunda Lingua Estranxeira – Francés I <input type="checkbox"/> TIC I <input type="checkbox"/> Literatura Galega do Século XX e da Actualidade <input type="checkbox"/> Unha materia de opción do bloque da modalidade non elixida: _____		
	<input type="checkbox"/> Cultura Científica <input type="checkbox"/> Tecnoloxías Intelixentes <input type="checkbox"/> Antropoloxía <input type="checkbox"/> Linguaxe e Práctica Musical		

6.3.6.2º BAC

No segundo curso de Bacharelato ofértanse as seguintes modalidades e materias:

MATERIAS COMÚNS	<ul style="list-style-type: none"> • Historia de España • Lingua Castelá e Literatura II • Lingua Galega e Literatura II • Historia da Filosofía • Lingua estranxeira: Inglés II 		
LIBRE ESCOLLA (Escoller unha)	<input type="checkbox"/> Relixión <input type="checkbox"/> Reforzo / Afondamento de Inglés		
MODALIDADES (Elixir unha)	<input type="checkbox"/> CIENCIAS e TECNOLOXÍA	<input type="checkbox"/> HUMANIDADES e CIENCIAS SOCIAIS	<input type="checkbox"/> XERAL
MATERIAS DE MODALIDADE (Elixir unha)	<input type="checkbox"/> Matemáticas II <input type="checkbox"/> Matemáticas Aplicadas II	<input type="checkbox"/> Matemáticas Aplicadas ás CCSS II <input type="checkbox"/> Latín II	<input type="checkbox"/> Ciencias Xerais
MATERIAS DE OPCIÓN (Cursarse dúas materias das seguintes, pero marcaranse todas por orde de preferencia)	<input type="checkbox"/> Bioloxía <input type="checkbox"/> Física. <input type="checkbox"/> Química <input type="checkbox"/> Tecnoloxía e Enxeñaría II <input type="checkbox"/> Xeoloxía e Ciencias Ambientais <input type="checkbox"/> Debuxo Técnico II	<input type="checkbox"/> Empresa e Deseño de Modelos de Negocio <input type="checkbox"/> Xeografía <input type="checkbox"/> Matemáticas Aplicadas ás CCSS II <input type="checkbox"/> Grego II <input type="checkbox"/> Historia da Arte <input type="checkbox"/> Latín II	<input type="checkbox"/> Movements Culturais e Artísticos <input type="checkbox"/> Materia de opción doutra modalidade _____ <input type="checkbox"/> Materia de opción doutra modalidade _____
OPTATIVAS AUTONÓMICAS (Escoller unha)	<input type="checkbox"/> Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia <input type="checkbox"/> Segunda Lingua Estranxeira – Francés II <input type="checkbox"/> Métodos Estatísticos e Numéricos <input type="checkbox"/> Unha materia de opción do bloque da modalidade non elixida: _____		
	<input type="checkbox"/> Historia da Música e da Danza <input type="checkbox"/> Psicoloxía <input type="checkbox"/> TIC II		

7. RELACIÓN COAS INSTITUCIÓNS

O centro mantén unha relación de colaboración con moitas das institucións e organismos da comarca:

■ Co Concello de Padrón e outros concellos da bisbarra.

A dirección do IES Camilo José Cela procurará que as relacións co Concello de Padrón sexan habituais, fluídas e cordiais.

O centro usa habitualmente o pavillón municipal de Padrón, que está construído en terreos cedidos polo IES. O uso deste espazo dáse, basicamente, nas clases de Educación Física e na realización de actividades deportivas puntuais como os partidos de Nadal ou de final de curso. Outro espazo de titularidade municipal empregado adoito polo noso IES é o Auditorio Municipal, situado nas inmediacións do centro. Este solicítase con antelación, mediante instancia dirixida ao Concello, para a realización de actividades como conferencias, concertos, representacións, actos formais, etc.

Outras relacións que mantén o centro co Concello refírense á prestación dalgún servizo e á colaboración en actividades culturais e educativas de moi diversa índole, como representacións teatrais, obradoiros, conferencias...

O Concello de Dodro tamén mantén unha intensa relación co noso centro, dado o significado número de alumnos e alumnas deste concello que cursan estudos no centro. Téñense desenvolvido distintas iniciativas conxuntas como a realización de obradoiros, a participación en certames poéticos ou as visitas a lugares significados do concello.

■ Cos centros adscritos.

O centro de primaria adscrito ao IES Camilo José Cela é o CEIP Flavia, que ademais se sitúa ao lado do noso. As relacións son constantes entre a comunidade escolar de ambos os centros, chegando a realizar en conxunto algunhas actividades complementarias en festividades concretas como o Samaín ou a iniciativa *Adopta un lector ou unha lectora*, na que interacciona alumnado dos dous centros. Tamén se realiza unha xornada de presentación e visita ao IES para o alumnado de 6º de Educación Primaria uns meses antes do seu comezo no instituto, ademais, por suposto, das xornadas de acollida no comezo de curso.

O CPI Eusebio Lorenzo Baleirón é o centro de secundaria adscrito, polo que se mantén igualmente unha relación constante. Ademais das propias tarefas administrativas e de documentación, tense colaborado na organización de faladoiros, actos (tanto nos propios centros como no Auditorio Municipal) e encontros co alumnado. Entre estes últimos destacan as visitas para presentar a oferta educativa do centro, a información sobre o proceso de reserva de praza e as xornadas de portas abertas.

■ **Cos outros centros de Educación Primaria e Educación Secundaria.**

O outro instituto da localidade, o IES Macías o Namorado, tamén se localiza moi próximo ao IES Camilo José Cela. É un centro que imparte ciclos de Formación Profesional, polo que moito alumnado que remata os estudos no noso centro continúaos alí. Ademais, a existencia no IES Macías o Namorado dos estudos de Formación Profesional Básica fai que haxa cambio de alumnado dun centro a outro e moita relación entre os equipos directivos e administrativos. Nos últimos anos non é infrecuente que se realicen actividades complementarias e extraescolares conxuntas, por exemplo intercambios educativos.

Cos demais centros que imparten a ESO nos concellos veciños (CPI dos Dices, CPI de Pontecesures) hai tamén unha boa relación, pois moito alumnado que remata os estudos de secundaria nestes centros matricúlase logo no IES Camilo José Cela para cursar os estudos postobrigatorios. Ademais, realízanse visitas por parte do equipo directivo nas semanas previas á apertura do prazo de admisión para presentar a oferta educativa do centro e, posteriormente, son convidados a unha xornada de portas abertas para que o alumnado visite o IES Camilo José Cela.

■ **Coas fundacións e organismos de carácter cultural e social.**

No concello de Padrón localízanse dúas das principais fundacións culturais da nosa comunidade: a Fundación Rosalía de Castro e a Fundación Camilo José Cela. O noso centro mantén unha constante relación con estas dúas entidades, participando activamente na súa programación cultural ao longo de todo o curso. A colaboración con estas dúas institucións é estable e mantense curso tras curso, ao igual que co Seminario Galego de Educación para a Paz, vinculado á primeira das fundacións.

Con outros organismos establécese unha relación puntual por motivos máis concretos, como pode ser a colaboración con centros de idiomas como El Centro

Británico ou a Alianza Francesa na organización de probas de acreditación lingüística ao abeiro de convocatorias de axudas públicas.

■ Con entidades deportivas.

Moito alumnado que cursa estudos no noso centro participa en actividades deportivas con distintos clubs da zona, especialmente nos clubs de fútbol, básquet ou piragüismo do concello ou de concellos próximos como Pontecesures. Destaca a colaboración co Club Ciclista Padronés, entidade que leva a cabo un labor de promoción do seu deporte con faladoiros no IES e visitas ás súas modernas instalacións situadas no centro da vila.

■ Con ONG e outras asociacións con fins sociais.

O IES Camilo José Cela mantén desde hai anos colaboración estable con distintas ONG e organismos, maioritariamente que actúan na zona. Mantívose colaboración durante varios cursos coa Fundación Amigos de Galicia na recollida de alimentos e distintos artigos de primeira necesidade, destinados á axuda ás persoas vulnerables. Por outra parte colabórase con frecuencia coa Fundación Paideia A Escravidade, sobre todo en iniciativas de inclusión e emprego. Coa Fundación Barrié de la Maza tense colaborado en diferentes actividades.

Unha colaboración estable e fluída ao longo dos últimos cursos realízase coa Federación de Alzheimer de Galicia (Agadea), coa Asociación AMIPA de persoas con discapacidade e co Centro de Día para persoas Maiores INGLEMEN. Nestes casos prográmanse actividades estables desde o Departamento de Filosofía en que o alumnado se implica na axuda ás persoas integrantes destes colectivos e coñece directamente a súa situación.

O centro mantén colaboración habitual asemade cos organismos dependentes do Concello de Padrón, Centro de Información á Muller (CIM) e Mesa Local contra a Violencia de Xénero. Deste último é un dos axentes fundadores e asisten representantes ás reunións periódicas.

8. VALORES E PRINCIPIOS PRIORITARIOS

O proxecto educativo do IES Camilo José Cela asume os valores, principios e fins en que se sustenta o sistema democrático e que alicerzan o marco social e legal da

nosa comunidade, desde as súas leis básicas e fundacionais, ata as disposicións que recolle a lexislación educativa.

8.1. Principios

O IES Camilo José Cela asume os **principios do sistema educativo** establecidos no artigo 1 da *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación* segundo a redacción dada pola *Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación*. Entre os que procura potenciar como prioritarios destacan os seguintes:

- A calidade da educación para todo o alumnado, independentemente dos seus condicionantes e circunstancias, facendo cumprir os dereitos da infancia.
- A equidade, que garanta a igualdade de oportunidades e a non discriminación.
- A educación pública como compensadora das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais.
- A atención á diversidade do alumnado, procurando as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares precisas, como eixo dun ensino democrático.
- A concepción da educación como un proceso activo de carácter interdisciplinar de cara a unha aprendizaxe permanente.
- A coeducación como garante da igualdade entre mulleres e homes. No IES Camilo José Celaponse en práctica unha educación en igualdade, segundo se recolle nos proxectos do centro, especialmente no seu Plan de Igualdade.
- Universalidade do ensino, que asegure o acceso universal á educación, eliminando calquera barreira e garantindo a inclusión educativa.
- O ensino como formación para a non violencia e a cultura de paz.
- A educación na saúde física e mental, no coidado, na xestión dos afectos, no coñecemento do propio corpo e nunha sexualidade sa.
- A educación como garante da liberdade e da autonomía da persoa.
- A galeguización progresiva do ensino no marco da situación sociolingüística galega e do contorno inmediato.
- A participación da comunidade educativa dentro da necesaria autonomía do centro.
- A colaboración entre todos os sectores da comunidade educativa, así como entre os diferentes organismos, asociacións e administracións.

8.2. Valores

O IES Camilo José Cela defende os **valores** dunha sociedade democrática e inclusiva, que se fundamentan nos establecidos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, na Constitución Española, no Estatuto de Autonomía de Galicia e na Convención sobre os Dereitos do Neno. Entre os valores prioritarios destacan:

- Tolerancia e respecto polas diferenzas e pola multiculturalidade da sociedade.
- Igualdade entre homes e mulleres, co rexeitamento das actitudes sexistas e o respecto á identidade sexual de cada persoa.
- Rexeitamento de calquera tipo de violencia, moi especialmente a violencia machista.
- Respecto ás persoas, co desenvolvemento dos hábitos de bo trato e o cultivo da empatía.
- Defensa do idioma galego no contexto dunha sociedade cada vez máis tendente ao plurilingüismo.
- Desenvolvemento de hábitos saudables, entre eles o exercicio físico, a correcta alimentación, o uso responsable das tecnoloxías e a hixiene persoal.
- Promoción da toma consciente de decisións co desenvolvemento do pensamento independente e crítico.
- Construción dunha cidadanía consciente, activa, democrática e responsable.
- Impulso da solidariedade e da colaboración social.
- Promoción da xestión emocional, da convivencia en harmonía e da resolución pacífica dos conflitos, co apoio á cultura do diálogo e da mediación.
- Consideración da diversidade como un elemento enriquecedor e non como unha debilidade.
- Fomento do desenvolvemento sostible a través do respecto e coidado do medio ambiente, incluíndo os hábitos de limpeza, reciclaxe, reutilización de materiais e aforro de recursos.
- Respecto polo común e polo mobiliario urbano, incluíndo o material e as instalacións educativas.
- Potenciación das habilidades sociais e comunicativas, tanto nos idiomas oficiais como nas linguas estranxeiras do currículo.

9. OBXECTIVOS PRIORITARIOS

a) Ofrecer unha educación de calidade ao servizo da comunidade, centrada na personalización da aprendizaxe e no desenvolvemento dun ensino competencial que combine a procura da excelencia coa imprescindible atención á diversidade.

b) Desenvolver un modelo educativo inclusivo, sustentado nos dereitos da infancia e baseado na cooperación, na tolerancia e na solidariedade, co eixo na non discriminación e no respecto ás diferenzas.

c) Educar no diálogo, na procura de acordos, na mediación e na resolución pacífica de conflitos, como vía idónea para rexeitar a violencia e desenvolver un bo autoconceito e a aceptación das e dos demais.

d) Promover a cultura do coidado a todos os niveis, con especial énfase no coidado dun / dunha mesmo/a e dos/das demais, do medio natural e do patrimonio histórico e cultural.

e) Traballar na procura da igualdade real entre sexos, desenvolvendo un ensino baseado na coeducación, no bo trato e na firme loita conta as actitudes machistas e a súa manifestación a calquera nivel.

f) Potenciar as capacidades do alumnado para a súa interacción social, desenvolvendo as súas habilidades sociais e comunicativas, centradas tanto na comunicación oral e escrita como na non verbal.

g) Fomentar o desenvolvemento integral da persoa, procurando un estilo de vida sa, o cultivo de hábitos saudables e de actividade física, que sirvan de concienciación para lograr a prevención de enfermidades e do deterioro físico e mental.

h) Proporcionar unha educación emocional e afectivo-sexual sólida, que recoñeza a diversidade e respecte as distintas identidades sexuais, identificando os prexuízos e violencias, desenvolvendo mecanismos para desterrar actitudes tóxicas e fortalecendo a autoestima e a resiliencia.

i) Asumir a tecnoloxía, os contornos dixitais e a intelixencia artificial como ferramentas imprescindibles para o desenvolvemento integral das capacidades humanas, identificando as súas vantaxes e eivas.

l) Desenvolver o pensamento crítico e a capacidade de aprender a aprender como alicerce dun razoamento lóxico, de cara a conseguir unha cidadanía activa que saiba identificar e reaccionar ante a manipulación e os abusos de poder.

m) Promover o coidado do patrimonio, tanto natural como cultural e arquitectónico, apreciando o seu valor material, social, histórico-cultural e estético.

n) Participar en iniciativas de colaboración social que promovan a implicación na vida en sociedade e a participación na toma de decisións, interpretando de xeito crítico a realidade e as mensaxes dos medios de comunicación e das redes sociais.

ñ) Valorar as manifestacións culturais, defendendo a propia identidade e o idioma como xeito de integrarse nunha convivencia global, en pé de igualdade co resto das culturas.

10. MEDIDAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN

Os obxectivos do punto 9 desenvolveranse a través do deseño de diferentes medidas. Podemos destacar as prioritarias e consolidadas na acción pedagóxica do centro, se ben será realizada unha concreción anual de obxectivos e medidas no marco dos diferentes proxectos, a través da Programación Xeral Anual.

● Medidas que desenvolven o obxectivo a)

–Potenciación das medidas ordinarias e extraordinarias de atención á diversidade.

–Participación en convocatorias de proxectos interdisciplinares (Proxecto Terra, Club de Letras, Club de Ciencia...)

–Mantemento dunha Titoría de alumnado pendente.

–Programación ampla e variada de actividades complementarias e extraescolares.

–Oferta axustada e enriquecedora de materias optativas e de reforzos educativos.

● Medidas que desenvolven o obxectivo b)

–Desenvolvemento de distintas accións periódicas, coincidentes moitas veces coas datas sinaladas do calendario escolar, de denuncia das desigualdades de todo tipo presentes na sociedade.

–Encontros de alumnado con membros de distintas asociacións de axuda e colaboración radicadas na zona, como AMIPA.

● Medidas que desenvolven o obxectivo c)

–Fomento das habilidades sociais e comunicativas, coa creación e execución de diferentes programas para o alumnado.

–Desenvolvemento da cultura da mediación, coa posta en marcha do Servizo de Mediación entre iguais e o mantemento dun grupo de alumnado mediador.

● **Medidas que desenvolven o obxectivo d)**

–Desenvolvemento de medidas de coidado do medio natural próximo, coa implicación do alumnado no mantemento do contorno, limpeza das instalacións e plantación de árbores nas zonas verdes.

–Saídas didácticas de coñecemento da zona e o seu medio xeográfico e natural.

● **Medidas que desenvolven o obxectivo e)**

–Creación da Comisión de Coeducación no marco do Consello Escolar.

–Establecemento de medidas correctoras específicas fronte ás actitudes sexistas.

–Creación do espazo “Recuncho Violeta”, dedicado á visualización das mulleres desde un punto de vista interdisciplinar.

–Promoción de candidaturas femininas aos distintos órganos de representación do centro, como delegadas e delegados de clase e consello escolar.

● **Medidas que desenvolven o obxectivo f)**

–Desenvolvemento de actividades interxeneracionais de comunicación e coidado mutuo, como os encontros do alumnado de secundaria co de infantil e primaria e a colaboración coas persoas da terceira idade do centro de día IGLEMEN.

–Realización de obradoiros de comunicación asertiva e bo trato.

● **Medidas que desenvolven o obxectivo g)**

–Realización de proxectos arredor dos correctos hábitos de nutrición, recollidos en iniciativas como o proxecto e a web Nutricela.

–Potenciación do Plan de actividades físicas e vida saudable do centro.

–Fomento de actividades deportivas como os torneos entre centros de secundaria ou a colaboración co Club Ciclista Padronés.

● **Medidas que desenvolven o obxectivo h)**

–Organización de obradoiros de educación afectivo-sexual en colaboración co programa Quérote+.

–Participación en convocatorias de contratos programa en liñas de educación emocional, inclusión e igualdade.

● **Medidas que desenvolven o obxectivo i)**

–Realización de obradoiros de concienciación sobre o bo uso das redes.

–Participación en actividades contra o ciberacoso, como as incluídas dentro do Plan Director da Garda Civil.

● **Medidas que desenvolven o obxectivo l)**

–Organización de certames de ensaio e de cálculo matemático.

–Desenvolvemento de iniciativas de fomento da lectura e o debate, como o Club de Lectura Galeano.

● **Medidas que desenvolven o obxectivo m)**

–Participación na posta en valor do patrimonio a través de convocatorias como o Plan Proxecta (Proxecto Terra).

–Coñecemento da historia da vila, da súa vinculación ao mito xacobeo e a un dos principais itinerarios culturais europeos como é o Camiño de Santiago.

● **Medidas que desenvolven o obxectivo n)**

–Colaboración coas institucións do contorno, como as fundacións culturais presentes no noso concello.

–Colaboración con organizacións de impacto social como o Seminario Galego de Educación para a Paz.

–Participación en iniciativas de voluntariado, a través de convocatorias públicas como o PLAMBE e o Voluntariado na Biblioteca Escolar.

● **Medidas que desenvolven o obxectivo ñ)**

–Participación nas convocatorias anuais de axudas para proxectos de fomento de uso do galego.

–Rotulación de todo o centro en galego: cartalaría, indicacións, placas, sinais de evacuación...

- Promoción de todas as comunicacións internas en lingua galega.
- Participación nas actividades de promoción do idioma galego organizadas polas diferentes administracións.
- Nomeamento dos espazos do centro con nomes de escritoras galegas.